

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE Ó DÍA 27 DE MAIO DE 2009.

ÁREA DE URBANISMO

LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS

2. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRA: PROPOSTA DE CONCESIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE INSTALACIÓN E DE OBRAS PARA UNHA PLANTA SOLAR FOTOVOLTAICA EN SAN VICENTE DE COEO.

3. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRA: PROPOSTA DE CONCESIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE INSTALACIÓN E DE LICENZA DE OBRAS PARA UNHA PLANTA SOLAR FOTOVOLTAICA EN SAN MIGUEL DE BACURÍN, NÚMERO 6.

LICENZAS URBANÍSTICAS

4. LICENZAS DE OBRA: PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DA PETICIÓN DE SILENCIO ADMINISTRATIVO POSITIVO NA SOLICITUDE FORMULADA PARA CONSTRUCCIÓN DE ALPENDRE NO VERAL.

5. LICENZAS DE PARCELAMENTO: PROPOSTA DE CONCESIÓN DE LICENZA PARA PARCELAMENTO DA PARCELA MATRIZ NÚMERO 204 DO POLÍGONO 53, SITA EN BOCAMAOS, NÚMERO 204, DO POLÍGONO 53.

6. LICENZAS DE OBRA: PROPOSTA DE CONCESIÓN DE LICENZA PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN SITA NA AVDA. DOUTOR GARCÍA PORTELA, NÚMERO 9.

7. LICENZAS DE OBRA: PROPOSTA DE CONCESIÓN DE LICENZA PARA OBRAS DE REFORMA INTERIOR EN NAVE EXISTENTE CON LICENZA NÚMERO 291/91, PARA TALLER DE FORMACIÓN NAS ESPECIALIDADES DE ELECTRICIDADE, SOLDADURA, MECÁNICA E FRÍO INDUSTRIAL, SITO NA RÚA DA INDUSTRIA ESQUINA RÚA DO VIDRO, PARCELA 106.

8. LICENZAS DE OBRA: PROPOSTA DE CONCESIÓN DE LICENZA PARA CONSTRUCCIÓN DE FOSA DE ZURRO EN SEOANE, SAN XOÁN DO CAMPO.

9. LICENZAS DE OBRA: PROPOSTA DE DENEGACIÓN DE LICENZA DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO COMPOSTO DE PLANTA BAIXA, 8 PLANTAS ALTAS E APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA PARA USO DE 17 APARTAMENTOS TURÍSTICOS, NA RÚA PEÑA ANDA-RÚA BISPO DOUTOR BALANZÁ, UNIDADE DE ACTUACIÓN CS-19.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

PERSOAL

10. NOMEAMENTO DE DOUS ANIMADORES SOCIOCULTURAIIS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

11. PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE SERVIZOS EXTRAORDINARIOS POR PERSOAL ADSCRITO Á DEPENDENCIA DE ENXEÑERÍA. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA FORMA DE COMPENSACIÓN.

12. MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 19/328, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 6-5-2009, POLO QUE SE APROBOU A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ANO 2009.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

13. CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS A MILAGROSA II. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DA SÚA ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN.

14. CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA DOS CURSOS DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LUGO, EMPREGO ACTIVO”. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL.

FACENDA LOCAL

15. LICENZAS URBANÍSTICAS: SOLICITUDE PRESENTADA NA QUE INSTAN A REVISIÓN DA VALORACIÓN DO PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DA OBRA DE AMPLIACIÓN DE TRES SOTOS E PLANTA BAIXA NO EDIFICIO SITO NA RÚA DINÁN, 21-23, UTILIZADA COMO BASE IMPOÑIBLE NA LIQUIDACIÓN NÚMERO 4046913 (235/2009), XIRADA EN CONCEPTO DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

INTERVENCIÓN

16 DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN NÚMERO 4 DO ORZAMENTO XERAL DE 2009, MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 20.800,00 EUROS.

17. DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN NÚMERO 5 DO ORZAMENTO XERAL DE 2009, MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 11.405,92 EUROS.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

Lugo, 1 de xuño de 2009
O ALCALDE,

Asdo.: José Clemente López Orozco